



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

C E R T I F I C O:

Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 26 de febreiro de 2025, adoptouse o acordo seguinte:

“Punto 4.- Concesión de subvención, por razón de interese social, a un alumno do Centro Municipal de Artes Escénicas (CEMAE) para custear os gastos do “Curso de Verán na Ópera de París 2024”

I.- Exposición de motivos

O Concello de Oleiros conta cun Centro Municipal de Artes Escénicas (CEMAE), onde se imparten clases de formación teórico-práctica de bailaríns e bailarinas, prestando especial atención á labor de orientación cara os estudos profesionais de quen se manifeste claramente dotado e apto.

A través do servizo de Educación, o Concello ten entre os seus proxectos fundamentais as Escolas de Música, Danza e Teatro, nas que se procura ofrecer unha ensinanza de calidade, que doten ao alumnado dunha formación que lles habilite para ingresar posteriormente en conservatorios que lles permitan o seu desenvolvemento profesional no ámbito elixido.

Por iso mesmo, o éxito de calquera dos alumnos e alumnas considérase en gran parte froito da labor das nosas escolas.

II.- Antecedentes

1.- D^a Lucía Toral Mosquera, con DNI _____, na súa condición de nai de CLAUDIO GALLEGO TORAL, presentou unha solicitude de subvención o 20/01/2025 (registro de entrada número 2025001029) para que o Concello de Oleiros contribúa ao custe dos gastos do curso de verán na Escola de Danza da Ópera de París, que tivo lugar do 1 ao 13 de xullo de 2024.

2.- En data 30/01/2025 foi emitida Providencia por esta Concellería na que se dispoñía a incoación do procedemento para a concesión dunha subvención por razón de interese social a favor de CLAUDIO GALLEGO TORAL con DNI _____ por importe de 1.050,00 €, para contribuír ao custe dos gastos do curso de verán na Escola de Danza da Ópera de París, que tivo lugar do 1 ao 13 de xullo de 2024.

3.- Na mesma providencia solicitouse informe que pola Unidade Xurídica se efectúen as comprobacións de que o interesado e a súa representante están ao corrente nas súas obrigas coa AEAT, TGSS e Concello de Oleiros, e que se emita o informe xurídico relativo ao procedemento e ao contido necesario do acordo de concesión.

4.- O informe solicitado foi emitido en data 05/02/2025. Asemade, incorporáronse ao expediente informes da TGSS, da AEAT e da Recadación Municipal, relativos a que o beneficiario está ao corrente nas súas obrigas.

III.- Circunstancias de interese social que xustifican as condicións excepcionais para a concesión da subvención:

O Concello de Oleiros conta cun Centro Municipal de Artes Escénicas (CEMAE), onde se imparten clases de formación teórico-práctica de bailaríns e bailarinas, prestando especial atención á labor de orientación cara os estudos profesionais de quen se manifeste claramente dotado e apto.

Entre o alumnado da Escola atópase un alumno cunhas cualidades extraordinarias para a danza, que foi seleccionado para participar nun curso de verán na Escola de Danza da Ópera de París, centro punteiro a nivel mundial nas disciplinas dancísticas. Dito alumno é CLAUDIO GALLEGO TORAL.

A participación en dito curso implica un volume de gastos para a familia que non é doado de afrontar.

Dado que a Escola de Danza e Teatro, é un dos proxectos fundamentais, na que se ofrece unha ensinanza de calidade, que dota ao alumnado dunha formación que lle habilita para ingresar posteriormente en conservatorios que lles permitan o seu desenvolvemento profesional no ámbito elixido.





CONCELLO DE
OLEIROS

Por dita razón, ante a solicitude da familia e a recomendación da propia dirección da Escola, consideramos oportuno contribuír coa familia para facer máis lavadoiros os gastos da participación do dito alumno no curso para o que foi seleccionado.

Con base no anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Conceder unha subvención por razón de interese social a favor de CLAUDIO GALLEGO TORAL, con DNI _____ por importe de 1.050,00 €, para contribuír ao custe dos gastos do curso de verán na Escola de Danza da Ópera de París, que tivo lugar do 1 ao 13 de xullo de 2024.

Segundo.- Autorizar e dispoñer un gasto de 1.050,00 € para a finalidade sinalada.

Terceiro.- As condicións desta subvención son as seguintes:

1.- Importe: 1.050,00 €

2.- Aplicación orzamentaria: 82.3262.48000

3.- Compatibilidade: Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

4.- Xustificación e pagamento:

✓ Efectuarase o pagamento do 100 por cento do importe concedido, xa que os documentos xustificativos da asistencia ao curso de verán na Escola de Danza da Ópera de París xa son presentados xunto coa solicitude.

Cuarto.- O réxime de concesión, xestión, xustificación, control financeiro, infraccións e sancións desta subvención axustarase ao regulado na normativa estatal e autonómica sobre subvencións públicas, así como o regulado ao respecto nas bases de execución do orzamento.

Quinto.- Recoñecer a obriga por importe de 1.050,00 € euros a favor de CLAUDIO GALLEGO TORAL, con DNI _____.

Sexto.- Notificar o acordo ao interesado, advertíndolle dos recursos que procedan contra o acordo adoptado."

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o artigo 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figura na propia sinatura deste documento.-

